

# UN CONDENADO A MORTE ESCAPOU

# 1401

Robert Bresson, 1956

ESTREA EN NUMAX: 05.11.2024 | V.O.S.E. | 99 min

Abril de 1943, en plena Segunda Guerra Mundial. Fontaine, un mozo de 27 anos membro da Resistencia francesa, que loita contra a ocupación nazi, é arrestado pola Xestapo para ser interrogado. Fontaine sospeita que vai ser executado e empeza a planear a súa fuga.

«O filme máis fermoso de Robert Bresson»

François Truffaut



## 10 cousas que aprendín sobre 'Un condenado a morte escapou'

Por *Kate Elmore*

1 - Robert Bresson titulou orixinalmente o seu guión como Aide-toi ["Axúdate"], en referencia á expresión francesa "axúdate e o ceo vaiche axudar". Finalmente decidiu empregar o título co que Devigny [autor da autobiografía que dá orixe ao filme] encabezou unha reportaxe en Le Figaro.

2 - Bresson e Andre Devigny tiñan diferentes ideas sobre o tipo de actor que debía interpretar a Fontaine. Devigny pensaba nalgún fisicamente poderoso, capaz de acometer unha fuxida, e propuxo un paracaidista e un triatleta militar. Bresson, porén, estaba interesado nun filme sobre o interior do personaxe e escolleu un estudante de filosofía chamada François Laterrier que, aínda que non se parecía en nada a Devigny, tiña uns ollos expresivos.

3 - O filme foi gravado na prisión de Montluc, onde Devigny foi prisioneiro durante cinco meses durante a Segunda Guerra Mundial. A secuencia da fuxida combina planos de estudio con planos da fachada real da prisión.

4 - O propio Bresson foi prisioneiro de guerra, capturado polos alemáns a inicios da Guerra e enviado a un campo de traballo, onde ficou un ano e medio

5 - A corda e os ganchos que Devigny emprega na súa cela para preparar a fuxida son elementos reais da prisión e Bresson decidiu que fose con eles cos que Fontaine fabrique a corda con arame e tiras de nailon, tal e como fixera Devigny.

6 - Un mozo Louis Malle traballou no filme como asistente. Anos despois, na montaxe do seu filme *Lacombe, Lucien* (1974), Malle viu na televisión *Un condenado a morte escapou* e detectou gran parecido entre o personaxe de Jost, no filme de Bresson, e o de Lacombe no seu. "Foi unha sorte de homenaxe inconsciente", dixo.

7 - Bresson puxo a Malle ao cargo das cordas, culleres, ganchos e outros elementos da fuxida, dicíndolle: "Xa que ti traballas no documental, faite cargo dos trebellos".

8 - Bresson insistiu en gravar todo o filme cun lente dunha distancia focal fixa de 50 mm, por ser o que máis se asemella a unha mirada humana.

9 - Todos os diálogos no filme foron regravados nun estudio. Bresson dicíalle cada liña ao actor que debía repetir cada frase entre corenta e sesenta veces. Logo Bresson editaba e xuntaba a mellor toma de cada palabra para recrear cada liña de diálogo.

10 - O raíl do tren que Fontaine e Jost cruzan ao remate do filme é parte da ruta real emprendida por Devigny cara á liberdade.

Publicado en [criterion.com](http://criterion.com)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Notas sobre o  
cinematógrafo,  
Robert Bresson.*  
Positivos, 1993

*Robert Bresson,  
Santos Zunzunegui.*  
Cátedra, 2001